Número de Rexistro

Ex-Libris na biblioteca do IES de Oroso

A biblioteca do noso IES comezou a utilizar, desde o ano 2005, un Ex-Libris que representaba un libro navegando polo mar dentro dunha botella.

O debuxo trataba de representar que cada libro é unha mensaxe lanzada ao mundo sen un destinatario concreto, pero sempre coa posibilidade de que alguén o descifre ao final da viaxe. No noso caso, tiña tamén un recadro para colocar o número de rexistro, de tal maneira que todos os usuarios poidesen atopar este número facilmente, pois está colocado no mesmo lugar en todos os libros.

Ao longo deste curso un alumno de 4º, Francisco Yone, estivo deseñando un novo ***Ex-Libris***. A nova viñeta representa mellor o que hoxe se pensa que deben ser as bibliotecas: centros onde se pode buscar información de todo tipo. Tanto escrita nos libros como noutros soportes, tanto científica como de lecer, tanto en escritura alfabética como audiovisual e multimedia, tanto a través de medios físicos (libro, CD, DVD,...) como por medio de Internet.

Graciñas, Francisco, polo teu deseño.



Ex-Libris deseñado por Francisco Yone

DESEÑO E ELABORACIÓN: XOÁN ANDRADE

paxaros na cabeza



Folla in-formativa da Biblioteca Escolar do IES de OROSO

Curso 2006-07

Número 2

Un Ex-Libris?

E ISO QUE É?



Hai persoas que cando compran un libro o primeiro que fan é poñer a súa sinatura nunha das primeiras páxinas, para indicar que o libro é seu.

Tamén hai libros, sobre todo infantís, que nunha das primeiras páxinas teñen escrito algo así como: "*Este libro é de...*" para que a súa dona (ou dono) escriba a continuación o seu nome.
En calquera dos dous casos anteriores, queda no libro ***unha marca de propiedade***.



Un ***Ex-Libris*** tamén consiste nunha marca que se coloca nun libro para indicar a quen pertence. Pero nun ***Ex-Libris*** o nome do propietario (ou propietaria) vai acompañado dunha viñeta artística. Esta viñeta ilustra, normalmente, algún aspecto relacionado coa personalidade do propietario ou algunha característica da súa biblioteca.

A persoa que deseña o Ex-Libris pode deixarse levar pola súa propia inspiración ou seguir as instruccións que lle dea o mesmo propietario dos libros.

Cando o Ex-Libris xa está deseñado, deben imprimirse copias para seren pegadas na páxina de garda dos libros.

Algúns grandes artistas que deseñaron ***Ex-Libris*** foron Alberto Durero, Leonardo da Vinci, Holbein o Vello ou Francisco de Goya.

Atréveste ti tamén a deseñar Ex-Libris?